



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Aprobación listaxe definitiva aspirantes admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e data da 1ª proba do proceso selectivo de Arquitecto/a interino

Anuncio

Aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e data da 1ª proba do proceso selectivo de un (1) funcionario/a interno/a do posto de Arquitecto/a e a formación dunha bolsa para a provisión temporal de prazas da mesma natureza.

Por Decreto de Alcaldía nº 1271/2022 de data 17/11/2022, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e data da 1ª proba do proceso selectivo de un (1) funcionario/a interno/a do posto de Arquitecto/a e a formación dunha bolsa para a provisión temporal de prazas da mesma natureza, que se transcribe literalmente:

“D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Lei 7/19875, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/10/2022 polo que se aprobaron as bases reguladoras e convocatoria do proceso selectivo, mediante o procedemento de oposición, para a selección de un (1) funcionario/a interino/a do posto de Arquitecto/a, e a formación dunha bolsa de traballo para a provisión temporal de prazas da mesma natureza.

Visto o anuncio publicado BOP (Nº 198 de 19/10/2022),

Visto o disposto na base 8 que rexe o proceso selectivo:

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, contendo:

- 1 A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.
- 2 A designación do tribunal cualificador.
- 3 Lugar e data da realización da primeira proba.

Dita resolución publicarase no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello (<https://portodoson.sedelectronica.gal>).

A citada resolución procederá a conceder un prazo de 5 días naturais para que os interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

As subsanacións referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado no punto 6.5 das presentes bases. No caso concreto das taxas so caberá a subsanación de ter realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias se non se aportase o xustificante de telo realizado.

Vistas as instancias presentadas para o proceso selectivo.

Vista a Resolución de alcaldía 1233/2022 de 9 de novembro de 2022 pola que se aproba a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, concedéndoselle aos aspirantes excluídos un prazo de cinco días naturais para que os interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos.

Vistas as subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos de forma provisional, con rexistro de entrada: 2022-E-RE-2530 (Martín Sastre Otero) e 2022-E-RE-2533 (Rodrigo Pino Collazo).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación inicial polo Alcalde de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

RESOLUCIÓN

Primeiro. Estimar as seguintes alegacións:

Rexistro	Nome	DNI
2022-E-RE-2533	PINO COLLAZO RODRIGO	***6603**
2022-E-RE-2530	SASTRE OTERO MARTÍN	***8966**

Motivos de estimación das alegacións: Se comproba que os aspirantes teñen enmendado a súa solicitude e presentada a documentación esixida na convocatoria

Segundo. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

Relación definitiva de aspirantes admitidos/as

APELIDOS E NOME	DNI	IDIOMA ELIXIDO PROBAS
BANHOS MARTINS MARINHA CONSTANZA	***9025**	Galego
CORES BARRAL PAULA	***7229**	Castelán
COUCEIRO LOPEZ XOSE MANUEL	***1239**	Galego
DOMINGUEZ GODOY RAQUEL	***1140**	Castelán
HERVELLA GOMEZ JOSE RAMON	***7725**	Castelán
MACIA RODRIGUEZ MARIA	***6246**	Galego
MAGDALENA NOGUEIRA JOSE	***5988**	Galego
PINO COLLAZO RODRIGO	***6603**	Castelán
QUIÑOY SERANTES JAVIER	***4434**	Castelán
REGUERA SEOANE MIGUEL	***1889**	Castelán
RODRIGUEZ VAAMONDE MARIA DEL MAR	***0265**	Castelán
SANTIAGO CAMIÑO BRAIS	***0876**	Castelán
SASTRE OTERO MARTÍN	***8966**	Castelán
SILVA SEOANE CAYETANA	***1622**	Castelán

Relación definitiva de aspirantes excluídos/as: Ningún.

Terceiro. Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo que terá a seguinte composición, o cal debera facerse público e ser notificado de tal nomeamento ós efectos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público:

Presidente: Martín Cerrera Álvarez, arquitecto do concello de Ribeira

Suplente: Pablo Martín Fernández Castro, arquitecto do Concello de O Pino

Vogal 1: Alfredo Garrote Pazos, arquitecto do Concello de Carballo

Suplente: Francisco Moreda Gil, arquitecto do Concello de Ribadeo

Vogal 2: Asunción Méndez Vilalta, arquitecta do Concello de Camariñas

Suplente: Mónica Neira Mato, arquitecta do Concello de A Estrada

Vogal 3: Sandra María García Chenlo , secretaria do Concello de Dodro

Suplente: María del Mar Lirola Delgado, interventora do Concello de Porto do Son

Secretaria: Mónica Pichel García, secretaria do Concello de Porto do Son

Suplente: María Loreto López Fernández, secretaria do Concello de Malpica de Bergantiños

Cuarto. O Tribunal constituirase na Casa do Concello de Porto do Son, sita en Rúa Atalaia s/n, 15970 –Porto do Son, ás 9:00 horas do 30 de novembro de 2022 para a confección do exame e realización da primeira proba, obrigatoria e eliminatoria, que consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do temario da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. As respostas en branco non penalizarán. A puntuación máxima de esta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos, será eliminado o proceso selectivo. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos.

A citada primeira proba terá lugar ás 11:00 horas do día 30 de novembro de 2022 na Sala de Exposicións da Casa de Cultura de Porto do Son sita na Rúa Atalaia, 11 – 15970 - Porto do Son (a hora sinalada poderá sufrir retrasos por razóns loxísticas do tribunal, debendo esperar a ser chamados os aspirantes no lugar e horas indicados inicialmente).

Localización: <https://goo.gl/maps/yCmGagoF6JdSUyEo9>

Quinto. Visto o disposto na base 8 que rexe o proceso selectivo, publicar esta resolución no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello (<https://portodoson.sedelectronica.gal>) e así mesmo de forma meramente potestativa, no Boletín Oficial da Provincia. Non obstante o anterior, aos efectos sinalados na base oitava das bases reguladoras do presente procedemento de selección, o cumprimento do prazo de 48 horas contará dende a publicación no taboleiro de anuncios do concello.

Sexto. Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado Contencioso- Administrativo; en ámbolos dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao de publicación. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento”.

Porto do Son, 17 de novembro de 2022

O Alcalde

José Luis Oujo Pouso

2022/7217